

COMBINADO DE REPARTOS

VIAXE POLA NOSA TERRA

Ían camiñando Xoán e Bartolomeu por terras do Ribeiro cando nunha aldea chamada Laias se atoparon con tres irmáns moi preocupados ante unha situación que non daban co xeito de resolver: seu pai deixáralles de herdanza 21 pipotes de viño; 7 deles cheos de moi bo ribeiro, 7 mediados e 7 baleiros. Acordaron repartir os 21 pipotes de modo que cada un recibira a mesma cantidade deles e, como non, idéntica cantidade de viño, pero sen mesturar os pipotes.

Xoán e Bartolomeu non dubidaron en tentar buscarlle unha solución ao problema. Despois de facer uns garabullos na terra, Xoan exclamou: *eureka!*

Serás quen de dicir ti o mesmo que Xoán? (Dedícalle uns minutos, colle boli e papel e xa verás que sinxelo resulta.)

CUESTIÓN DE TEMPO

Divide a esfera dun reloxo en seis partes coa condición de que en cada parte a suma dos números sexa a mesma.



REORDENANDO A CLASE

- *Bo día, rapaces, hoxe faremos pases de balón. Con tres balóns de balonmán será suficiente. Distribuíredesvos en seis filas de cinco.*

- Como? Non é posible!

- Adrián ten razón, non se pode.

- *Como que non se pode? Non é a primeira vez que fago este exercicio!*

- Que non pode ser, profe. Os de 1º B somos 24, e 24 non é múltiplo de 5. En clase estamos en filas de 6, precisamente por algo, non? E colocounos a de mates.

- *Xa, xa vexo. Pero é que a distribución que eu propoño non resulta precisamente axeitada para un aula. Agora estamos no patio! Pensade un pouco mentres vou a polos balóns.*

- Non poderá, dígocho eu!

- Pois parecía moi segura...

Serías quen de axudar aos teus compañeiros?